


# MYKES

## ΜΥΚΕΣ



BOLETÍN DO  
**GRUPO MICOLÓXICO GALEGO**

VOLUME 25  
2022

# MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego  
“Luis Freire”

**Volume 25**  
**2022**



GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

## **CONSELLO EDITORIAL**

**Coordinador** José Rodríguez Vázquez

**Consello de redacción:**

Tixiana Albizúa Cabaleiro  
Xan Bellón Muñiz  
María Cabaleiro Alfaya  
Patricia Comesaña Martínez  
Hugo Fernández Ricón  
Purificación Lorenzo Castro  
Adrián Melón Raña  
Gabriel Pérez Torrón  
Mauro Rivas Ferreiro  
Sergio Rojo Martínez

**Consello científico asesor:**

Nicanor Floro Andrés Rodríguez  
Marisa Castro Cerceda  
Ignacio García González  
Alfredo Justo Fernández  
Margarita Pérez Froiz  
Antonio Rigueiro Rodríguez  
Elvira Sahuquillo Balbuena

**Maquetación:**

M<sup>a</sup> Ángela Comesaña Martínez

Os manuscritos remitidos a Mykes son revisados por asesores externos antes de seren aceptados ou rexeitados

**SUBSCRIPCIÓN E EDICIÓN:** Grupo Micológico Galego “Luís Freire”

**DIRECCIÓN:** Apartado de Correos 3083 (E-36200 - Vigo)

e-mail: [conselloeditorial@mykes.es](mailto:conselloeditorial@mykes.es)

web: [www.mykes.es](http://www.mykes.es)

Subscripción anual 10 €

Foto da cuberta: Placa homenaxe ao Dr. Luís Freire situada no parque de Santa Margarita (A Coruña)

IMPRIME: PLANOPRINT SLNE

ISSN: 1575- 068X

DEP. LEGAL: VG: 709-98

**A PRESENZA DOS COGOMELOS NA PRENSA  
GALEGA. O PAPEL DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN  
NA DIVULGACIÓN MICOLÓXICA GALEGA (1961-  
2021): *LA VOZ DE GALICIA***

por  
A. MÍNGUEZ<sup>1</sup>

MÍNGUEZ, A. 2022. A presenza dos cogomelos na prensa galega. O papel dos medios de comunicación na divulgación micolóxica galega (1961-2021): *La Voz de Galicia*. *Mykes* 25: 133-145.

**Resumo**

No presente traballo repásase a presenza dos cogomelos na prensa escrita e o papel dos medios de comunicación no labor de difusión micolóxica. O período abordado abrangue dende o inicio da divulgación formal en Galicia, en 1961, e ao longo dos seguintes 60 anos, tomando como fonte o xornal impreso de maior circulación na área xeográfica escollida, *La Voz de Galicia*. Entre os resultados salienta a presenza dos cogomelos tanto polas intoxicacións e mortes provocadas, como pola celebración de actividades de divulgación, de concienciación e de coñecemento. A conclusión é que, malia o avance na visibilización dos cogomelos, segue sendo precisa máis información de divulgación medioambiental.

**Palabras clave:** Prensa, divulgación micolóxica, Galicia.

MÍNGUEZ, A. 2022. The mention of fungi in the Galician press. The role of media in Galician mycological divulgation (1961-2021): *La Voz de Galicia*. *Mykes* 25: 133-145.

---

<sup>1</sup>Avenida de San Rosendo 23, Celanova, 32 800, Ourense; correo: [a.r.minguez@gmail.com](mailto:a.r.minguez@gmail.com)

Membro da Asociación Micolóxica de Celanova

### **Summary**

In this work, the presence of mushrooms in the written press and the role of the media in the work of mycological dissemination are reviewed. The period addressed covers from the beginning of formal dissemination in Galicia, in 1961, and throughout the following 60 years, taking as a source the printed newspaper with the largest circulation in the chosen geographical area, *La Voz de Galicia*. Among the results, the presence of mushrooms stands out both for the poisonings and deaths caused, as well as for the holding of dissemination, awareness, and knowledge activities. The conclusion is that, despite the progress in the visibility of mushrooms, more environmental information is still needed.

**Key words:** Media, mycological divulgation, Galicia.

### **INTRODUCCIÓN**

A divulgación micolóxica galega comezou de xeito formal no ano 1961, grazas ao labor do Centro de Investigacións de Lourizán, ao que se lle uniron despois as oficinas do Servizo de Extensión Agraria, dependentes do Ministerio de Agricultura. Previamente houbo algunha actividade menor. Anos máis tarde incorporaríanse concellos, asociacións e outras entidades coa organización de charlas e actividades de carácter anual no outono (CASTRO & FREIRE, 1982). A primeira referencia a unha acción micolóxica en *La Voz de Galicia* é de 1968 para anunciar unhas charlas, na cidade da Coruña, de Carlos Valencia e Antonio Odriozola, profesor na Escola de Capataces de Lourizán e Bibliotecario da Misión Biolóxica de Pontevedra, respectivamente.

Cómpre destacar que esta análise do papel dos medios de comunicación na divulgación micolóxica de Galicia parte, dalgún xeito, da existencia da hemeroteca histórica de Jaime Diz Tato, a de Marisa Castro dende 1980, a de Ricardo Mínguez dende a súa chegada a Celanova en 1972 e da miña propia dende 1995 cando comecei a publicar en medios de comunicación galegos. Seguro que na casa de máis dun afeccionado á micoloxía tamén haberá textos e recortes de prensa de actividades sobre a divulgación micolóxica galega dende 1961 en adiante, que

servirían para darlle continuidade a este artigo. María Cabaleiro xa fai referencia a esta cuestión na súa tese de doutoramento (*com. pers.*).

## **METODOLOXÍA**

Neste traballo, empreguei como base documental a hemeroteca de *La Voz de Galicia* dende 1961 ata 2021, por ser o xornal de maior circulación e implantación territorial (AIMC, 2022). A análise está establecida por décadas, primeiro con detemento pola escaseza de referencias e despois coa descrición de anos de xeito aleatorio debido á importante cantidade de referencias existentes. Recoller todas as entradas de cada ano suporía unha importantísima cantidade de espazo e tempo para a súa análise pormenorizada, obxecto máis propio dun traballo de fin de grao que dun artigo recompilatorio e de reflexión como pode ser este. A diversidade de noticias foi crescendo de xeito significativo e á divulgación, intoxicacións ou gastronomía, chegaronse a unir os pasatempos con cogomelos, por exemplo.

Hai que ter en conta que nos anos sesenta e setenta a maioría da información deste diario facía referencia maioritariamente á cidade da Coruña, pero posteriormente abriu delegacións con edicións comarcais (chegando a ter 15), o que deu pé a maior cantidade de información local nas catro provincias galegas. A divulgación en prensa entre os máis novos medrou grazas ao suplemento “La Voz de la Escuela”, que saíu o 14 de abril de 1982 por primeira vez; á iniciativa “Prensa Escuela” ou o programa “Voz Natura”, creado no curso 1997/1998 con clara presenza micolóxica.

## **RESULTADOS E DISCUSIÓN**

A presenza dos cogomelos na prensa nos anos sesenta era moi escasa. Trala busca, no xornal *La Voz de Galicia*, entre 1961 e 1962 só hai 7 referencias:

03/03/1961.- Titular: “La pareja más feliz de Hollywood”. Fala

de Joanne Woodward e Paul Newman e de como ela prepara para el unha “hamburguesa sangrante, acompañada de setas fritas”.

24/06/1961.- Titular: “Luzca una bella espalda, señora”. Unha serie de recomendacións de saúde entre as que se atopa “Jugo de setas” onde recollen as propiedades dos cogomelos de primavera para combater deformacións vertebrais.

04/10/1961.- Titular: “Psicosis atómica”. Describe como un concello norteamericano saca a concurso a adaptación de seis hectáreas que se empregan para o cultivo de cogomelos, como refuxios atómicos.

18/02/1962.- Dentro da “Página de la Mujer” recóllese un texto da axencia de noticias EUROPA PRESS sobre unha ducia de prebes coñecidas, entre as que se inclúe a de cogomelos.

18/11/1962.- Expresión “surgen por todas partes como las setas después de la lluvia” nunha información internacional sobre Nacións Unidas.

05/12/1962.- Dentro da sección “Golperías” de Alvaro Paradela, relata a modo irónico un xeito de recoñecer os cogomelos sen ningún rigor científico.

30/12/1962.- Un anuncio dun restaurante inclúe no menú “setas salteadas con jamón”.

O 14 de novembro de 1968 aparece a primeira referencia á divulgación galega anunciando unhas charlas sobre cogomelos comestibles e velenosos baixo o patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e coa participación de Carlos Valencia e Antonio Odriozola.

En xeral, os cogomelos non teñen case presenza no medio de comunicación galego. Son meras citas en informacións sobre outras cuestións. Aparece nunha “salsa” importada malia a escasa introdución na cociña nestes compases en Galicia e incluso no menú dun restaurante nunha época na que os cogomelos só eran acompañamento e preparados do mesmo xeito fora a especie que fora, o que resulta curioso. Cómpre destacar a referencia ás propiedades medicinais para loitar

contra as deformacións vertebrais. Figura tamén nun contexto coloquial pola súa aparición tralas chuvias e, finalmente, nunha historia irónica sobre a identificación popular. Polo tanto, estas informacións maioritariamente de fóra de Galicia na década dos sesenta carecen de sentido divulgativo, agás a nova referida ás charlas promovidas pola Deputación da Coruña.

Nos anos setenta a presenza dos cogomelos en *La Voz de Galicia* medra en relación a anos anteriores pero segue a ser moi puntual e foránea. Destacan novas negativas sobre intoxicacións e morte por consumo de especies tóxicas en distintos puntos, incluída Galicia. Aparecen xa varias informacións sobre cuestións divulgativas pero moi escasas. Destacan entre as informacións da década:

24/05/72.- Catro intoxicados en Barcelona.

13/08/72.- Nove mortos en Iugoslavia, todos de curta idade.

14/09/72.- Cogomelo xigante en Palencia, que aparece na portada.

23/09/72.- Catro intoxicados en Pamplona.

29/10/72.- Tres intoxicados en Madrid.

02/11/72.- Dous mortos e dez intoxicados en Consuegra, Toledo.

02/11/72.- Un morto cando ia buscar cogomelos en Munguía, Vizcaia.

03/11/72.- Unha moza morta en León por consumir cogomelos en mal estado.

05/11/72.- Un terceiro falecido en Consuegra, Toledo, por consumo de cogomelos.

09/11/72.- Tres intoxicados con consumo de cogomelos en Vimianzo, A Coruña, primeira referencia en Galicia.

12/11/72.- Dous veciños de Vimianzo mortos por consumo de cogomelos. Ocupan espazo de portada.

12/11/72.- No interior, ampliación da nova de portada.

12/11/72.- Texto divulgativo titulado: “El suspense de las



setas”. Referencia a Lourizán. Autor: Doctor Ruve Lasko pseudónimo do doutor Velasco colaborador habitual dos Domingos de La Voz en materia sanitaria. Con ilustracións e contido en dobre páxina.

18/11/72.- Morre un neno por consumo de cogomelos en Granada.

10/12/72.- Citados os cogomelos como alimentos tóxicos. De novo firma Ruve Lasko.

20/11/73.- Cursiño sobre cogomelos comestibles.

05/11/75.- Cursiño de cogomelos na Zapateira, Coruña.

05/11/75.- “El otoño y las setas” Texto de divulgación de Mayte Suarez Santos.

06/11/75.- “Pies de plomo con las setas” Fotonoticia sobre a charla de Odriozola.

09/11/75.- Finaliza cursiño con excursión.

24/11/76.- Primeiro mataselos de cogomelos en Vigo.

Os cogomelos aparecen en textos sen fotografía e de escasas liñas, case telegráficos, na maioría dos casos. O publicado nesta década fai referencia a sucesos por consumo de cogomelos tóxicos, case sempre fóra de Galicia, só un fai referencia ao acontecido en Vimianzo, A Coruña, no que morreron dúas persoas e chegaron a ser portada do xornal.

Fóra das intoxicacións, destaca a foto dun cogomelo xigante en Palencia, posiblemente unha “gatuña”, *Pleurotus eryngii* relatan, aínda que non se aprecia moi ben na foto. Destaca un novo texto divulgativo trala morte en Vimianzo asinado por Ruve Lasko.

Resalta a nova en novembro de 1973 na que se anuncia a realización dun curso sobre cogomelos comestibles organizado polo Centro de Investigacións Forestais de Lourizán e impartido por Antonio Odriozola e Francisco Fernández de Ana Magán.

En 1975 aparecen varios textos de divulgación e novas sobre charlas na zona da Coruña. En 1976 recóllese a nova das actividades divulgativas en Vigo e a presentación dun mataselos

de Correos sobre cogomelos.

Nos anos oitenta é importante a presenza de novas sobre charlas e actividades de cogomelos, aparición de novas especies e incluso de cociña micolóxica, aínda que escasos textos sobre divulgación botánica. Cómpre sinalar a páxina publicada o 29 de outubro de 1986 no suplemento “La Voz de la escuela” na que Marisa Castro e Luís Freire responden as preguntas dos nenos sobre os cogomelos. Destaca a desaparición case total das novas que fan referencia a fóra de Galicia.

Unha entrevista a Luís Freire e Marisa Castro en Lugo, foi o xerme para que Edicións Xerais (Luís Mariño) contactara con eles para publicar a primeira guía de cogomelos, que sería presentada o 22 de novembro de 1982 en Ourense e despois en distintos puntos de Galicia.

Destaca a aparición de fotografías e ilustracións como complemento aos textos xornalísticos, aínda que seguen a ser escasos. Hai que destacar a importante cantidade de agrupacións locais que organizan charlas para dar a coñecer os cogomelos, en moitos casos no ano 1984 son as primeiras edicións. Cómpre subliñar o labor do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán e do Servizo de Extensión Agraria como promotores e divulgadores nestes anos, aos que se sumaban a SGHN, Unión Fenosa, a Casa das Ciencias da Coruña e outras entidades locais.

Houbo actividades con referencia informativa nesta década en: Bendaña (Santiago), Mondoñedo, A Estrada, Marín, Pobra do Caramiñal, Ferrol, Lugo, Val Miñor, Ourense, Pontedeume, A Coruña, Foz, Mondariz, Monforte, Quiroga, Celanova, O Carballiño, A Rúa, Vigo, Pontevedra, O Barco, Xinzo de Limia, O Porriño, Vilagarcía ou O Grove, existindo outras máis.

Entre os divulgadores destacan pola participación nas actividades: Antonio Odriozola, Mariano García Rollán, Marisa Castro, Luís Freire, Antonio Rigueiro, Losa Quintana ou Ricardo Mínguez.

Seguen aparecendo novas sobre intoxicacións en Ferrol e

Cáceres pero a presenza é moito menor.

Aparecen os primeiros anuncios ofertando cultivo de cogomelos na casa. Esta opción lanzouse como unha novidade para facer fortuna de forma fácil, mercando un kit con substrato inoculado, normalmente de *Pleurotus ostreatus*, aínda que o anuncio non daba detalles e non era tan exitoso como se anunciaba. O 16 de novembro de 1986 un titular na edición de Ourense cifra es dous mil millóns de pesetas a comercialización de cogomelos en Galicia.

Destacan opinións de distintos autores, entre eles Miguel Delibes, quen o 14 de agosto de 1984 publica un texto titulado “Las setas y otros frutos silvestres”, no que describe a saída ao campo na zona de Roa del Duero dun afeccionado, chamado Ángel Rodríguez, para recoller niscalos e setas de cardo, advertindo dos riscos das intoxicacións.

Nos anos noventa a presenza de novas sobre cogomelos é numerosa, aínda que seguen a ser escasos os textos sobre descrición de especies e propiedades das mesmas. Hai que destacar a importante cantidade de agrupacións locais que organizan charlas para dar a coñecer os cogomelos. No ano 1997 falecía o mestre de micólogos e impulsor da micoloxía en Galicia, Luís Freire, aos 83 anos, segundo recollía *La Voz de Galicia* o 14 de decembro.

Nos noventa houbo actividades públicas con novas en *La Voz de Galicia* en: Vigo, Santiago, Redondela, Moaña, As Pontes, Chantada, Quereño (Valdeorras), Monforte de Lemos, Ferrol, Vilagarcía de Arousa, Noia, Culleredo, Celanova, Burela, Roupar (Xermade), A Teixeira, Riós, Lalín, Lugo, Mondoñedo, As Pontes, Boiro, Foz, Cee, Pontevedra, San Xoan de Río, Cedeira, Viana do Bolo, Allariz, Sarria, Marín, Corcubión, A Mezquita, A Guarda, Lobios e Moraña.

Aparecen novos divulgadores para atender a gran cantidade de actividades que se organizan por toda Galicia da man de concellos, centros formativos, asociacións e entidades oficiais.

Destacan:

- O 15 de decembro de 1990 saía na edición de Santiago unha ampla información sobre o descubrimento de 19 cogomelos en Santiago pertencentes a latitudes mediterráneas.
- Novas sobre a publicación de libros e manuais de identificación de especies en distintos puntos de Galicia, como Celanova.
- Tamén son frecuentes novas sobre a recollida de exemplares de gran tamaño e valoración da tempada, coincidindo distintos expertos en definila como “mala”. *La Voz de Galicia* o 27 de outubro de 1997 recollía que expertos en micoloxía pedían en Lugo unha lei que regulase a recollida de cogomelos.
- Continúan as informacións sobre Xornadas micolóxicas e sobre locais que introducen os cogomelos na carta como o “Caney” de Santiago da man de Pedro Roca, segundo reflectía *La Voz de Galicia* o 2 de novembro de 1997.
- Destacan publicacións sobre o traballo que dan os cogomelos en determinadas zonas de Galicia, como en Monterroso, Lugo.
- Os medios de comunicación non foron alleos no ano 1997 ás diferenzas existentes entre os colectivos que conformaban a Federación Galega de Micoloxía.
- Nesta década as charlas e divulgación nos colexios empeza a ser unha realidade, como recollía *La Voz de Galicia* na edición de Lemos o 30 de setembro de 1997, sobre o labor no Colexio Sagrado Corazón. Tamén houbo actividade no Instituto Monte Castelo de Burela, na Aula “Lauro Olmo” de O Barco de Valdeorras, colexio público da Veiga, no de Chantada, no instituto “Xulián Magariños” de Negreira ou nos colexios lucenses de Escairón e Sober, todas elas con referencia nas páxinas de *La Voz de Galicia*.
- Rubén Garrido convértese no primeiro enxeñeiro agrícola do Campus de Ourense en facer un proxecto sobre produción de cogomelos.

No novo milenio as referencias aos cogomelos dispárase. No

ano 2009 na hemeroteca de *La Voz de Galicia* aparecen 734 entradas.

Houbo actividades micolóxicas con referencia nos medios en: Soutelo de Montes, As Pontes, Carballo, Maside, A Estrada, Ordes, Foz, Cee, Rodeiro, Vilagarcía de Arousa, Ribeira, Pontevedra, A Coruña, Ourense, Lugo, Monforte, Baiona, Oia, Ribeira, Bueu, Ferrol...

Destacan amplas reportaxes de páxinas completas, incluso dobre páxina con diversas fotografías sobre a actividade comercial dos cogomelos ou sobre as condicións climáticas que afectan a aparición de especies silvestres. Tamén aparecen os cogomelos como protagonistas en accións hoteleiras de cociña do outono que se repiten en distintos puntos de Galicia e que empezan a poñer os cogomelos como protagonistas de variados pratos. O 21 de novembro de 2000 na edición de Lugo destacaban os cogomelos “contra a chuvia aceda”. O domingo 22 de maio de 2005 a páxina de apertura da sección de sociedade recollía a alerta dos micólogos galegos sobre a extinción de varios tipos de cogomelos. O 4 de novembro de 2006 unha páxina recollía a existencia de vinte especies de cogomelos tóxicos nos montes galegos. E a doutora e gran figura da micoloxía galega, Marisa Castro, nunha entrevista o 4 de novembro de 2006 sinalaba que o mellor é “non saír ao monte de oídas”. O 9 de febreiro de 2006 destacaba noutra entrevista a necesidade de “lexislar para conservar os recursos micolóxicos”.

Reportaxes divulgativas sobre as partes e formas dos cogomelos tamén aparecen en 2009 e a advertencia a esta riqueza limitada que debemos coidar e preservar. Textos con marcado carácter de sensibilización. O comité científico de “Voz Natura” conta coa participación entre outros, de expertos micólogos como Marisa Castro, Antonio Prunell ou José Antonio Díaz Núñez.

As páxinas de *La Voz de Galicia* tamén recollen a publicación de libros de cogomelos en Galicia como a *Guía Micolóxica* de Baía Edicións o 16 de decembro de 2005, o da taiwanesa

Gwendolyn Luo o 31 de xullo de 2006, ou da zona de Burela de Cristina García-Echave Puente o 26 de novembro de 2009. Destacan entrevistas a diversos divulgadores de puntos moi distantes de Galicia. As actividades divulgativas chegan incluso a ocupar os espazos de portada nas edicións locais.

Curiosamente, nos anos 2010-2021, a cantidade de entradas na hemeroteca de *La Voz de Galicia*, concretamente no ano 2020 descendeu en comparación con anos da década pasada ata as 388. Cómpre destacar que as referencias aos cogomelos xa non están concentradas de xeito estacional nos meses de recollida silvestre de especies, senón que aparecen espalladas ao longo dos doce meses con información sobre “trucos” para a identificación de especies ou a análise das condicións do tempo que inciden nas especies silvestres.

O 13 de maio de 2012 un titular na edición de Vigo destacaba o vinte aniversario do Grupo Micolóxico Galego, presidido entón por José Antonio Díaz Núñez.

O 18 de xaneiro de 2015 nunha entrevista, na edición de Pontevedra, Jaime Blanco Dios destacaba a inexistencia de control sanitario nos cogomelos que se consumen nos locais galegos.

O 13 de outubro de 2017 a páxina de sociedade recollía un “veroño” que atrasaba a tempada de cogomelos en Galicia.

O 23 de decembro de 2019 a portada da edición de Vigo recollía a nova sobre o equipo vigués que creou a primeira App galega para aprender a identificar cogomelos, *Mycokey*, xurdido da Universidade de Vigo e a empresa MycoGalicia Plantae.

O 6 de marzo de 2020 *La Voz de Galicia* na súa edición do Barbanza, recolle a posibilidade de comer cogomelos durante todo o ano nun restaurante de Mazaricos.

O 30 de abril de 2020 unha ampla información na sección de economía reflicte que o monte galego empeza a explotar os cogomelos como complemento á madeira.

Tamén aparecen textos sobre os cogomelos silvestres da

primavera e anecdóticos sobre a transformación dun xardín en Valdoviño con motivos micolóxicos.

A divulgación micolóxica segue centrada en anunciar actividades e publicar textos de descrición de especies, comercialización e na vertente gastronómica, ademais de novas como a publicación de libros. Aparecen entrevistas a divulgadores e científicos, como a Mauro Rivas, o 12 de xullo de 2020 na edición de Arousa, unha vez que obtivo unha bolsa para continuar os seus estudos de bioloxía en Inglaterra.

Destacan varias iniciativas sobre o cultivo de *shiitake* en diferentes zonas de Galicia, como a explotación existente na parroquia de Goiriz, en Vilalba, ou a de Ribadeo. Tamén hai unha ampla información sobre a marca “Resetea”, que lanza caixas regalo para o cultivo de cogomelos sobre substrato de pousos de café.

Nestes sesenta anos mudaron moito as cousas en materia de divulgación micolóxica. Galicia era unha rexión micófoba, onde os cogomelos eran descoñecidos e desprezados na maior parte do territorio, por distintas razóns, situación moi contraria á que se vivía en rexións micófagas próximas, como Euskadi ou Cataluña (MENDAÑA & DÍAZ, 1987). Os cogomelos, case inexistentes na década dos sesenta na cultura, na sociedade, nas cociñas e, polo tanto, nos medios de comunicación, pasaron a ter cada vez máis protagonismo a medida que a divulgación e o consumo crecía co paso dos anos. Certo que nos primeiros compases da divulgación na prensa escrita destacaban os titulares por intoxicacións e mortes, a maioría fóra de Galicia, mais a proliferación de actividades tiveron como resultado dúcias de informacións sobre charlas, cursos, recollidas extraordinarias, exposicións e outras novas nos medios de comunicación escritos, radiofónicos e televisivos. Informacións moitas veces erradas, onde se confundían os nomes dos cogomelos, as características, as fotografías eran imprecisas e onde se percibía falta de coñecemento sobre o mundo da micoloxía por parte de informadores e incluso dalgúns divulgadores.

Os textos didácticos, tipo reportaxe sobre a divulgación e características dos cogomelos, foron entón e seguen a ser escasos. Malia estar cada vez máis de moda, parece que resulta máis interesante falar de cociña e consumilos que recoñecelos cientificamente, saber das súas propiedades e da súa importancia botánica. Un estudo á parte serían os medios de comunicación en internet, blogues e redes sociais que non son obxecto deste artigo.

Deste breve repaso pola presenza dos cogomelos nas páxinas de *La Voz de Galicia* ao longo de 60 anos hai que destacar a importante evolución no número de informacións sobre micoloxía e a mellora, en xeral, da calidade dos textos publicados, aínda que seguramente insuficientes polo incremento no número de seguidores que se produciu nesta etapa. (MÍNGUEZ, 2016). É preciso seguir informando e divulgando sobre as propiedades nutritivas e medicinais dos cogomelos, a súa importancia no medio natural e a necesidade de coidalos e preservalos, de modo que sigan a ser fonte de vida, e poidamos evitar os ingresos hospitalarios que cada ano se producen en Galicia por consumo de cogomelos por unha única causa: falta de información e ausencia total de precaución.

#### **REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

- AIMC. 2022. Asociación para la investigación en medios de comunicación. [en liña]. Dispoñible en: <https://www.aimc.es/blog/entrega-resultados-egm-2a-ola-2022/> [Consulta: 20/06/2022].
- CASTRO, M. & FREIRE, L. 1982. *Guía das setas ou cogomelos comestibles de Galicia*. Vigo. Edicións Xerais de Galicia.
- MENDEZA, R. & DÍAZ, G. 1987. *Las setas. Guía fotográfica y descriptiva. 800 especies a todo color*. Vizcaya. Iberduero.
- MÍNGUEZ, A. 2016. *Da micofobia á micofilia*. Madrid. Didot.



## MICROBIOTA

- GAREA, M. & REQUEJO, O. *Choeroglyphus subfulmineus*, unha nova cita para unha especie recentemente descuberta.....1
- REQUEJO, O. & CASTRO, M. L. Forma albina de *Aseroë rubra* Labill. na ZEC das Gándaras de Budiño (Pontevedra).....13
- BLANCO-DIOS, J. B. Micobiota da Illa de Tambo (Poio, Pontevedra). (I).....17
- ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. & REQUEJO, O. Estado actual do estudo dos Myxomycetes G. Winter (Eumycetozoa L.S. Olive) en Galicia (NO. Península Ibérica) II: Catálogo bibliográfico actualizado ata o ano 2021 .....55
- CASTRO, M. L. Aportación ao coñecemento da micobiota do concello de Cortegada (Ourense, NO. de España).....89
- REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. Estado actual do estudo dos Myxomycetes G. Winter (Eumycetozoa L.S. Olive) en Galicia (NO. Península Ibérica) III: Ecoloxía e patróns de frutificación.....111

## COMUNICACIÓNS

- MÍNGUEZ, A. A presenza dos cogomelos na prensa galega. O papel dos medios de comunicación na divulgación micolóxica galega (1961-2021): *La Voz de Galicia*.....113
- CASTRO, M. L. & CABALEIRO, M. A «sabia» de Torbeo (Ribas de Sil, Galicia), Filomena Arias Armesto, e os cogomelos.....146

## MISCELÁNEAS

- Actividades.....157
- Instrucións aos autores.....159